

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	FERROL
Edificio	Igrexa de San Román de Doniños
Dirección	Doniños Núcleo, 3A. 15593
	43.497099 -8.289094
Protección	
Descrición	<p>Igrexa de tipoloxía rural, sen estilo definido.</p> <p>A súa estrutura arquitectónica é de planta rectangular, na que se inscriben unha soa nave, presbiterio e una sancristía situada detrás deste. Os muros son de carga, de cachotería, agás esquinais e recercado de ocos, que son de cantería. A cuberta é a diferentes augas, segundos os corpos, con cubrición de tella plana. A fachada principal posúe unha organización na que a simetría e os diferentes xogos xeométricos ocupan o lugar fundamental, presentando un claro desexo de afastarse de fantasías estilísticas en favor das función para as que o edificio foi concibido.</p> <p>Interiormente, a nave presenta una estrutura aérea plana, realizada a través dun falso teito de madeira. O acceso á ábsida realízase a través dun arco trunfal de medio punto, que apoia sobre piares. A ornamentación é moi sobria e simple, podéndose resaltar tan só o retablo que preside o altar maior.</p> <p>A iluminación natural interior procede dos ocos abertos nos muros da nave e que, debido a unha reforma do edificio, viron modificadas as súas luces, de aí que non se correspondan coas características xerais do inmovible, do mesmo xeito que tamén se lle deu a este maior altura da que posuía, feito este último que quedou claramente reflectido na parte exterior dos muros.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	15-02-2023

Campás desaparecidas

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Exposta no interior da igrexa	Maior.	MENÉNDEZ, FRANCISCO, NARÓN (GALICIA)	1896		227

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.		1890	50	72
Espadana	Maior.	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	2020	60	125

Información completa: [Igrexa de San Román de Doniños - FERROL \(GALICIA\)](#)

PDF (31-05-2026)